

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

6835 *Real decreto 461/2015, do 5 de xuño, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.*

A Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde no deporte e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, é o resultado do alto compromiso internacional asumido por España na loita contra a dopaxe, o cal pasa a configurarse desde unha perspectiva integral como un elemento máis dentro do sistema de protección da saúde dos deportistas e que afecta o xogo limpo no deporte e a súa dimensión ética propia.

Por medio desta norma créase a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte que, sobre a base dun réxime de independencia, se converte no referente fundamental na loita contra a dopaxe e constitúe o organismo público a través do cal se realizan as políticas estatais de protección da saúde no deporte e, entre elas e de xeito especial, de loita contra a dopaxe e de investigación en ciencias do deporte.

Por tanto, a creación da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte supón o establecemento dun sistema baseado na actuación administrativa única, en contraposición co sistema anterior, no cal as distintas competencias que agora aglutina a nova axencia se distribuían entre diferentes entidades.

Desta forma, e por medio da centralización de competencias, preténdese contribuír a evitar posibles disfuncións e axudar ao establecemento dunha serie de criterios de interpretación da norma que sexan homoxéneos e constantes e que contribúan a fortalecer a seguridade xurídica na loita contra a dopaxe.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte réxese polas disposicións da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora de servizos públicos, e nos seus estatutos determínanse as funcións, a organización e os seus procedementos de actuación.

Mediante o presente real decreto procédese, por tanto, a desenvolver a estrutura da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para permitir levar a cabo de forma eficaz e eficiente as competencias que a Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, lle atribúe.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte adscíbese ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través do Consello Superior de Deportes e as súas funcións, plenamente consecuentes co seu obxecto, aparecen definidas tanto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, como na Lei 28/2006, do 18 de xullo, e concréntanse no artigo 7 do estatuto que se aproba mediante o presente real decreto.

Canto á súa estrutura orgánica e administrativa, este real decreto establece a estrutura organizativa da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte que, en cumprimento das disposicións legais citadas, contará co presidente e co Consello Reitor como órganos de goberno, o director como órgano executivo e as unidades que forman parte da estrutura administrativa.

Así mesmo, está adscrita á Axencia a Comisión Interterritorial de Protección da Saúde no Deporte, órgano que prevé o número 5 do artigo 7 da citada lei orgánica, ao dispor que «No suposto de que existan organismos encargados da loita contra a dopaxe no ámbito das comunidades autónomas, constituirase no seo da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte un órgano de participación delas para a información, o debate e a cooperación respecto das políticas públicas do Estado en materia de dopaxe».

Continuando coas novas competencias que asume a Axencia, hai que destacar as referidas á protección da saúde do deportista, que comportan a asunción, por parte da nova Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, das funcións e dos medios persoais e materiais da Subdirección Xeral de Deporte e Saúde do Consello Superior de Deportes, que pasa a integrarse na nova estrutura.

Por outra banda, a estrutura dos seus departamentos e os novos labores que se lles asignan a estes son para responder á centralización de competencias que anteriormente se encontraban adxudicadas a distintas entidades, como son a planificación e realización dos controis, así como a xestión dos seus resultados e a tramitación dos procedementos sancionadores naqueles casos en que así proceda.

Cabe destacar o fortalecemento do réxime de independencia técnica e funcional do Laboratorio de Control da Dopaxe, que pasa a estruturarse como un departamento máis dentro da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e, por tanto, con dependencia directa do director da Axencia como órgano executivo dela.

Finalmente, o Estatuto inclúe a regulación da xestión por obxectivos, o réxime de xestión de medios materiais e de persoal, así como os aspectos económico-orzamentarios de acordo co que dispón a Lei 28/2006, do 18 de xullo.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Educación, Cultura e Deporte, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xuño de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.*

Apróbase o Estatuto da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Incorporación de persoal.*

1. Na Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte integrarase o persoal que figure na relación de postos de traballo da Subdirección Xeral de Deporte e Saúde do Consello Superior de Deportes.

2. Os funcionarios que pasen a formar parte do persoal ao servizo da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte por ocuparen postos de traballo aos cales correspondan funcións asignadas a ela permanecerán en situación de servizo activo no seu corpo ou escala de orixe, con todos os dereitos inherentes á dita situación.

3. O persoal laboral que pase a formar parte do persoal ao servizo da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte por ocupar postos de traballo aos cales correspondan funcións asignadas a ela pasará a integrarse na relación de postos de traballo de persoal laboral da Axencia, cos mesmos dereitos e obrigas que tivesen no momento da integración.

4. As unidades de nivel inferior a subdirección xeral que existen na estrutura da Axencia Estatal Antidopaxe manteranse na estrutura da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

Disposición adicional segunda. *Constitución efectiva do Consello Reitor.*

A constitución do Consello Reitor da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte terá lugar dentro do prazo de 60 días desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Supresión de unidades.*

Suprímense as seguintes unidades da Axencia Estatal Antidopaxe:

- a) Departamento de Investigación, Desenvolvemento e Innovación en Protección da Saúde e Dopaxe.
- b) Departamento de Prevención e Control da Dopaxe.
- c) Departamento de Xerencia.
- d) Unidade de Apoio á Dirección.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento do gasto.*

As medidas contidas neste real decreto e no estatuto que na súa virtude se aproba levaranse a cabo sen incremento neto de estruturas orgánicas, de dotacións nin de gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Elaboración do contrato de xestión.*

O Consello Reitor da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte deberá aprobar e remitir, para a súa efectiva aprobación, aos departamentos competentes, no prazo de tres meses desde a súa constitución, a primeira proposta de contrato de xestión a que se refire o artigo 14 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.

Disposición transitoria segunda. *Plan inicial de actuación.*

Mentres non se aprobe o contrato de xestión, a actuación da Axencia, incluída a ordenación de postos de traballo e a aprobación do seu orzamento, desenvolverase consonte a memoria aprobada, á cal se refire o artigo 3 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, que conterà o plan inicial de actuación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación do Real decreto 185/2008, do 8 de febreiro, polo que se aproba o estatuto da Axencia Estatal Antidopaxe.*

Quedan derogados o Real decreto 185/2008, do 8 de febreiro, polo que se aproba o estatuto da Axencia Estatal Antidopaxe, así como as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto neste real decreto ou no estatuto que na súa virtude se aproba.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xuño de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

Estatuto da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza e obxecto.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte é un organismo público dos previstos no artigo 43.1.c) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e regulado pola Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos. A Axencia ten personalidade xurídica diferenciada, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión e funcional, dentro dos límites establecidos pola citada Lei 28/2006, do 18 de xullo.

2. O obxecto da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte é o desenvolvemento das políticas estatais de protección da saúde no deporte e, entre elas e de modo especial, de loita contra a dopaxe e de investigación en ciencias do deporte, conforme o disposto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. A Axencia réxese pola Lei 28/2006, do 18 de xullo; pola Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, e pola súa normativa de desenvolvemento, polo estatuto e, supletoriamente, polas normas aplicables ás entidades de dereito público adscritas á Administración xeral do Estado. Así mesmo, quedará suxeita á normativa específica en materia de control da dopaxe ditada pola Axencia Mundial Antidopaxe, cando sexa de aplicación.

2. No exercicio das súas potestades públicas, será de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3. *Potestades administrativas e relacións con outras administracións.*

1. Corresponde á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, dentro das competencias que ten atribuídas, o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e funcións, nos termos establecidos no presente estatuto e de acordo coa lexislación aplicable.

2. As relacións da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte cos órganos da Administración xeral do Estado e das restantes administracións públicas ás que dea lugar o exercicio das funcións previstas no artigo 5 do presente estatuto serán exercidas polo director da Axencia, que pode delegar o seu exercicio no persoal directivo.

Artigo 4. *Adscrición e sede.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte está adscrita ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través do Consello Superior de Deportes.

Corresponden ao dito ministerio a dirección estratéxica, a avaliación e o control de resultados da actividade da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. Estas funcións exerceranse mediante o seguimento e control do contrato de xestión, para cuxo efecto o Consello Superior de Deportes establecerá os procedementos de coordinación necesarios para o correcto exercicio das competencias e responsabilidades derivadas da adscrición de acordo co disposto no número 4 do artigo 43 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ten a súa sede en Madrid.

Artigo 5. *Disposicións e actos administrativos.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ditará as normas internas necesarias para o cumprimento do seu obxecto e para o seu funcionamento, que poderán adoptar a forma de:

- a) Resolucións do Consello Reitor, que deberán ser subscribas polo presidente.
- b) Resolucións, instrucións e circulares do director da Axencia.

2. Os actos e resolucións dos órganos de goberno e do director da Axencia poñen fin á vía administrativa, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal Administrativo do Deporte, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.

3. Non terán a consideración de actos administrativos aqueles ditados pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte no marco de convenios asinados coas federacións internacionais para o exercicio delegado das súas competencias, tal e como dispón o artigo 37.1 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.

Artigo 6. *Asistencia xurídica e intervención delegada.*

1. De conformidade co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 28/2006, do 18 de xullo, o asesoramento xurídico da Axencia será desempeñado pola Avogacía do Estado no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, sen prexuízo de que, en función das necesidades da Axencia, se poida acordar a sinatura dun convenio de asistencia xurídica nos termos do artigo 14 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, no marco do contrato de xestión.

2. A Intervención Delegada da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte realizará as funcións que lle atribúe a Lei 28/2006, do 18 de xullo, así como as que recolle a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

CAPÍTULO II

Funcións

Artigo 7. *Funcións da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.*

1. Para dar efectivo cumprimento ao establecido no número 2 do artigo 1 do presente estatuto, son funcións da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte as que lle outorga expresamente a Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, e o presente estatuto e, en particular, correspóndelle:

a) Definir e desenvolver as políticas estatais de protección da saúde no deporte, de xeito especial a loita contra a dopaxe e a investigación en ciencias do deporte.

b) Exercer a potestade disciplinaria en materia de dopaxe na actividade deportiva efectuada con licenza deportiva estatal ou autonómica homologada.

c) Asinar convenios coas federacións internacionais ou entidades que realicen unha función equivalente para asumir competencias sancionadoras respecto de deportistas cualificados oficialmente como de nivel internacional ou que participen en competicións internacionais. Tamén poderá asinar convenios con entidades ou organizacións deportivas de carácter privado para a realización material de controis de dopaxe e xestión dos resultados analíticos derivados deles.

d) Establecer a planificación, habilitación de persoal, realización de controis de dopaxe, concesión e rexistro de autorizacións terapéuticas e tramitación e resolución dos expedientes que deriven destas actuacións, no ámbito das competencias subxectivas e obxectivas determinadas pola Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.

e) Anular os resultados obtidos no marco das competicións deportivas como consecuencia de cometer algunha das condutas previstas na Lei orgánica 3/2013, do 20

de xuño, e remitir informe aos órganos disciplinarios nos deportes de equipo cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 30 da citada lei orgánica.

f) Recoñecer de oficio ou por instancia dos deportistas as resolucións ditas polas autoridades antidopaxe doutros Estados ou polas federacións ou entidades internacionais competentes, cando sexan conforme o Código mundial antidopaxe e correspondan ao ámbito de competencias das referidas entidades antidopaxe.

g) Asesorar e colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado, coa policía xudicial e cos demais poderes públicos con competencias relacionadas co ámbito de actuación da propia axencia e, por requirimento de tales poderes públicos, cos xuíces e tribunais. Así mesmo, solicitar a colaboración das autoridades sanitarias, en particular da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios e da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición.

h) Emitir informes sobre a concorrencia de perigo para a vida ou a saúde dos deportistas por solicitude ou instancia das autoridades xudiciais ou do Ministerio Fiscal, nos termos previstos no artigo 33 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, e nas normas correspondentes do Código penal e na Lei de axuízamento criminal ou en calquera dos supostos previstos noutras leis.

i) Solicitar das autoridades xudiciais a remisión dos autos de libre sobresemento ou a sentenza absolutoria para os efectos de dar por acreditados os feitos probados que esta conteña, así como as dilixencias de instrución ou, de ser o caso, probas efectuadas que sexan necesarias para continuar os procedementos sancionadores.

j) Emitir informe preceptivo nos supostos de redución do período de suspensión da licenza federativa por colaboración do deportista nos termos previstos no artigo 36 e concordantes da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.

k) Elaborar o Plan de apoio á saúde no ámbito da actividade deportiva, nos termos e co alcance previstos nos artigos 41 ao 51 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, e expedir a tarxeta de saúde do deportista.

l) Establecer un programa específico de loita contra a publicidade enganosa de produtos susceptibles de producir dopaxe na actividade deportiva, así como un programa de control da venda e comercialización destes produtos pola internet ou outros medios de venda electrónica, en coordinación cos órganos competentes da Administración xeral do Estado.

m) Crear, xunto coas comunidades autónomas, un sistema de información sobre a protección da saúde e loita contra a dopaxe nos termos previstos no artigo 63 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.

n) Promover, xestionar, dirixir e realizar actividades de investigación científica, valorización e transferencia de coñecemento asociadas á práctica deportiva, á aplicación da actividade deportiva no tratamento e prevención das enfermidades e á loita contra a dopaxe, en colaboración co Sistema Nacional de Saúde, no marco dos plans estatais de investigación, e en colaboración coas comunidades autónomas e con outros axentes ou organismos de investigación nacionais o internacionais, no marco das súas respectivas competencias.

ñ) Conceder axudas e subvencións á investigación científica e ao seu seguimento, no ámbito das competencias atribuídas á Axencia.

o) Establecer convenios de colaboración con outros axentes públicos ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais ou estranxeiros, ou de ámbitos supranacionais, para a realización conxunta das seguintes actividades: proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para desenvolver actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación de acordo co disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; outras actividades de carácter científico, docente e de asesoramento nas materias da súa competencia.

p) Realizar actividades educativas, formativas, de sensibilización, divulgación e publicación sobre o compromiso de todos cun deporte limpo libre de dopaxe, así como da protección da saúde dos deportistas. En particular, a formación, perfeccionamento e especialización do persoal que teña a consideración de axentes de control da dopaxe.

q) Representar a Administración xeral do Estado en reunións, foros e institucións internacionais, relacionados directamente co obxecto da Axencia e coas funcións que ten encomendadas, así como relacionarse e colaborar coas entidades doutros Estados que teñan atribuídos obxectos e funcións semellantes aos que ten encomendados a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

r) Emitir informe preceptivo respecto de cantos anteproxectos normativos tramitados pola Administración xeral do Estado afecten a protección da saúde dos deportistas e a loita contra a dopaxe, así como respecto dos proxectos de acordo co convenio internacional en materia de dopaxe que deban ser subscritos por España. Así mesmo, poderá emitir informe respecto de iniciativas normativas no ámbito das comunidades autónomas, por solicitude destas.

s) Calquera outra que lle atribúa a Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, ou o resto das leis ou convenios internacionais subscritos polo Estado español.

2. Consonte o establecido no número 6 do artigo 7 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, para a realización das súas funcións, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá formalizar convenios ou concertos con calquera entidade pública ou privada, de conformidade co establecido na lexislación de contratos das administracións públicas.

CAPÍTULO III

Organización

Sección 1.^a Órganos de goberno

Artigo 8. *Órganos de goberno.*

1. Son órganos de goberno da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte o presidente e o Consello Reitor.

2. A designación dos membros do Consello Reitor propostos pola Administración xeral do Estado axustarase ao criterio de paridade entre mulleres e homes.

Artigo 9. *O presidente.*

1. Corresponderalle a Presidencia da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e de su Consello Reitor ao presidente do Consello Superior de Deportes.

2. Correspóndenlle ao presidente da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte as seguintes funcións:

a) Exercer a representación institucional da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

b) Presidir o Consello Reitor, así como velar pola execución dos seus acordos, e exercer todas as demais competencias que lle correspondan como presidente do órgano colexiado segundo o disposto no artigo 23 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

c) Vixiar o desenvolvemento das actividades da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, velando polo cumprimento do presente estatuto.

d) Informar os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Facenda e Administracións Públicas sobre a execución e o cumprimento de obxectivos fixados no contrato de xestión.

e) Subscribir, no ámbito da súa competencia, e logo de avocación, os contratos e convenios de especial relevancia institucional.

3. O presidente poderá delegar aquelas funcións propias que considere oportunas e sexan susceptibles de delegación no director. Así mesmo, no suposto de ausencia, vacante ou enfermidade ou outro impedimento legal, o director substituirá o presidente da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte tanto nas funcións propias deste cargo como nas que posúa como presidente do Consello Reitor.

4. O presidente poderá solicitar da totalidade dos órganos colexiados e unipersoais que se regulan no presente estatuto os informes e ditames que sexan precisos para o correcto exercicio das funcións encomendadas.

Artigo 10. *O Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e estará integrado polo presidente da Axencia, que o será tamén do Consello, e polos seguintes conselleiros, que serán nomeados polo titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte:

a) Un en representación de cada un dos seguintes ministerios: Educación, Cultura e Deportes, Facenda e Administracións Públicas, Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e do Interior, todos eles propostos polos seus respectivos ministros e que terán polo menos rango de subdirector xeral.

b) Un en representación das federacións deportivas españolas.

c) Un representante consensuado por proposta das comunidades autónomas.

d) O director da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

2. O secretario do Consello Reitor será designado e destituído por este órgano de goberno, por proposta do presidente da Axencia, e asistirá ás reunións con voz e sen voto.

3. O presidente da Axencia poderá invitar ás sesións do Consello Reitor as persoas cuxa presenza se considere de utilidade, atendendo á súa formación, experiencia e funcións. Tales persoas asistirán ás sesións con voz pero sen voto. Así mesmo, o titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá asistir e intervir nas reunións do Consello Reitor.

Artigo 11. *Funcións do Consello Reitor.*

Son funcións do Consello Reitor as seguintes:

a) Aprobar a proposta do contrato de xestión a que se refire o artigo 18 do presente estatuto.

b) Aprobar os obxectivos da Axencia, así como o plan de acción anual e o seu plan de actuación plurianual, así como os criterios cuantitativos e cualitativos de avaliación do seu cumprimento e do grao de eficiencia, no marco do contrato de xestión.

c) Aprobar o anteproxecto de orzamentos da Axencia e, de ser o caso, da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites establecidos no artigo 27.5 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, e os que queden fixados no contrato de xestión. Tamén lle corresponde propor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por iniciativa do director, as variacións orzamentarias cuxa aprobación compete ao titular do citado departamento ministerial en aplicación do artigo 27.3 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.

d) Aprobar o informe ordinario de actividade e cantos extraordinarios sobre a xestión considere necesarios, valorando os resultados obtidos e consignando as deficiencias observadas, que se remitirán á Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e da Calidade dos Servizos.

e) Aprobar as contas anuais e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, de acordo coa lexislación orzamentaria.

f) Controlar a xestión do director e a exixencia a este das responsabilidades que procedan.

g) Aprobar a proposta da oferta anual de emprego da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para a súa integración, de ser o caso, na oferta de emprego público

estatal, así como os criterios de selección do persoal laboral e a relación de postos de traballo da Axencia, por proposta do director, todo iso no marco establecido polo contrato de xestión.

- h) Nomear e destituír o director, por proposta do presidente.
- i) Nomear e destituír o persoal directivo, por proposta do director.
- j) Ditar as normas de funcionamento do propio Consello Reitor no non previsto no presente estatuto, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro.
- k) Nomear e destituír o secretario do Consello.
- l) Calquera outra que lle atribúa o presente Estatuto ou o resto da normativa aplicable.

Artigo 12. *Normas de funcionamento do Consello Reitor.*

O réxime aplicable ao Consello Reitor axustarase ao disposto na Lei de axencias estatais e no presente estatuto e, supletoriamente, ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sección 2.^a Órgano executivo

Artigo 13. *O director da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.*

1. O director da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte será nomeado e destituído polo Consello Reitor por proposta do presidente entre funcionarios de carreira do subgrupo A1, con experiencia acreditada na xestión pública, no ámbito deportivo ou nas áreas competenciais propias da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

2. O director é o responsable da dirección e xestión ordinaria da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e exerce as competencias inherentes á dita dirección, así como as que expresamente se lle atribúen na Lei 28/2006, do 18 de xullo; no presente estatuto; na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, e nas súas normas de desenvolvemento, e as que lle deleguen o Consello Reitor e o presidente. En concreto, correspóndelle ao director:

- a) Exercer a representación legal da Axencia.
- b) Acordar as variacións orzamentarias, nos termos e cos límites fixados no artigo 27 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.
- c) Acordar a aplicación dos remanentes de tesouraría non afectados a financiar o incremento de gastos de acordo cos límites fixados no artigo 27 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.
- d) Administrar os créditos para gastos dos orzamentos da Axencia.
- e) Subscribir todo tipo de contratos, convenios ou negocios xurídicos en nome da Axencia no seu ámbito de competencias, de acordo coa normativa aplicable e co disposto no presente estatuto.
- f) Proporlle ao Consello Reitor a aprobación e modificación das relacións de postos de traballo da Axencia, no marco fixado no contrato de xestión.
- g) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal da Axencia.
- h) Proporlle ao Consello Reitor o desenvolvemento da estrutura organizativa da Axencia, dentro do marco de actuación fixado no contrato de xestión.
- i) Proporlle ao Consello Reitor o nomeamento e cesamento do persoal directivo, así como a determinación dos seus incentivos ao rendemento.
- j) Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas económicas, efectuar os libramentos correspondentes, así como a rendición de contas da Axencia.
- k) Resolver os expedientes disciplinarios, en cumprimento do recollido no artigo 37.1 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.
- l) Ordenar controis específicos, fóra da planificación, xa sexan dentro ou fóra de competición, e os controis nocturnos a deportistas suxeitos á Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.

3. De acordo co artigo 2 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, as resolucións do director poñen fin á vía administrativa, salvo as resolucións dos procedementos disciplinarios en materia de dopaxe, ao poderse recorrer contra eles ante o Tribunal Administrativo de Deporte.

4. O director terá a consideración de alto cargo para os efectos do disposto na Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, tanto para os efectos que se recollen nela como para aqueles outros que sexan aplicables en relación coa dita consideración.

5. O director poderá delegar nos órganos dependentes del aquelas funcións propias que considere necesario e sexan susceptibles de delegación.

Sección 3.^a Estructura administrativa

Artigo 14. A estrutura orgánica.

1. A estrutura administrativa da Axencia estará integrada polos seguintes departamentos: Educación e Investigación Científica; Deporte e Saúde; Control da Dopaxe e unha secretaría xeral.

2. A Secretaría Xeral terá as seguintes funcións:

a) A xestión e dirección administrativa dos recursos humanos, económicos, financeiros, informáticos, loxísticos e materiais.

b) A formación de persoal da Axencia, en colaboración cos directores dos demais departamentos, co fin de prestarlles o apoio necesario aos órganos e ás unidades da Axencia para o cumprimento do seu obxecto e funcións.

c) A Oficina de Xestión Económica e Administrativa, para os efectos legais e de terceiros.

d) O órgano encargado de establecer o sistema de contabilidade da xestión que permita efectuar o cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión, así como a determinación dos criterios de cumprimento de obxectivos.

e) A xestión e administración do patrimonio da Axencia.

f) A xestión dos expedientes de derivación de responsabilidade patrimonial por normal ou anormal funcionamento dos servizos públicos encomendados á Axencia.

g) A execución dos programas de inspección dos servizos e a avaliación do funcionamento das unidades administrativas da Axencia, sen prexuízo das competencias que a normativa vixente lle atribúe á Inspección Xeral de Servizos do ministerio de adscrición.

h) A execución das funcións relativas á calidade da xestión na organización e os sistemas de xestión de calidade.

i) Calquera outra que lle encomende o director da Axencia.

3. O Departamento de Educación e Investigación Científica terá as seguintes funcións:

a) A recompilación, estudo, tratamento e divulgación de coñecemento e documentación das materias de educación e investigación científica.

b) As relacións con institucións ou organismos educativos e investigadores, nacionais e internacionais.

c) A xestión dos programas públicos ou desenvolvidos en colaboración con entidades privadas, en materia de educación, investigación, desenvolvemento e innovación.

d) A elaboración de informes e asesoramento a organismos e institucións sobre cuestións científico-técnicas en materias competencia da Axencia.

e) O desenvolvemento das accións formativas e divulgadoras que se consideren necesarias en materia de educación e investigación científica.

f) A cooperación con organismos e entidades de carácter nacional ou internacional en actividades de educación, formación e investigación científica no ámbito das competencias da Axencia.

g) Calquera outra que lle encomende o director da Axencia.

4. O Departamento de Deporte e Saúde terá as seguintes funcións:

a) O impulso da protección da saúde dos deportistas mediante a elaboración do Plan de apoio á saúde no ámbito da actividade deportiva, en colaboración co resto de departamentos da Axencia.

b) A realización das actividades necesarias para a expedición da tarxeta de saúde do deportista.

c) A implementación e o desenvolvemento das medidas de carácter específico na planificación da protección da saúde previstas no artigo 43 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, en coordinación coas comunidades autónomas cando iso for exixible.

d) En colaboración co Departamento de Educación e Investigación Científica, a realización de propostas de contidos dos programas formativos dos técnicos deportivos e demais titulacións relacionadas coa saúde no deporte.

e) A coordinación da actividade do Centro de Medicina Deportiva.

f) A implementación e o desenvolvemento das medidas específicas mínimas e dos seguimentos de saúde recollidos nos artigos 46 e 51 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.

g) A determinación dun sistema de seguimento, recoñecementos e protección da saúde dos deportistas de alto nivel e dos deportistas profesionais, así como das especificidades de tales deportistas cando finaliza a actividade deportiva.

h) Calquera outra que lle encomende o director da Axencia.

5. O Departamento de Control da Dopaxe será o responsable:

a) Da xestión do grupo de deportistas que forman parte do Plan individualizado ou *testing pool* e das obrigas de localización e notificación aos deportistas integrantes deste.

b) Da planificación e execución de controis de dopaxe, tanto nacionais como encomendados por outros organismos nacionais o internacionais.

c) Da recollida e xestión do transporte das mostras biolóxicas aos laboratorios homologados.

d) Da xestión de resultados de análises do laboratorio.

e) Da revisión dos supostos de analítica complementaria solicitados polos laboratorios de control da dopaxe, en coordinación co Departamento de Deporte e Saúde.

f) Do rexistro e da custodia das copias das autorizacións de uso terapéutico que se expidan segundo a normativa vixente, así como das documentacións complementarias correspondentes.

g) Do rexistro dos correspondentes libros de clubs, organizacións, grupos e asociacións deportivas onde se fan constar os tratamentos médicos e sanitarios que se prescribiron aos seus deportistas.

h) Do estudo, da valoración e do informe das denuncias formuladas e noticias recibidas en materia de prevención da saúde e loita contra a dopaxe no ámbito do deporte organizado ou con licenza deportiva e da práctica deportiva de calquera clase.

i) Da realización de cantas actuacións sexan precisas de cara ao cumprimento das funcións de investigación e pescuda que desenvolvan no ámbito de condutas sospeitosas en materia de dopaxe no deporte.

j) Do asesoramento ao director na selección de deportistas a quen efectuar controis específicos de dopaxe fóra da planificación, xa sexa dentro xa fóra de competición.

k) Do asesoramento e da colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado, coa policía xudicial e cos demais poderes públicos en materia de investigacións relacionadas coa dopaxe no deporte e, por requirimento de tales poderes públicos, cos xuíces e tribunais.

l) Da colaboración coas autoridades sanitarias, en particular da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios e da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, no desenvolvemento e na execución de actividades de prevención e detección de condutas sospeitosas de dopaxe na actividade deportiva.

m) Da cooperación con organismos e entidades de carácter internacional con competencias en materia de dopaxe, en especial coas axencias antidopaxe doutros países, na investigación de condutas sospeitosas en materia de dopaxe.

n) Do establecemento e desenvolvemento dun programa específico de loita contra a publicidade enganosa nos produtos susceptibles de producir dopaxe na actividade deportiva, incluíndo os programas de control do comercio electrónico destes produtos.

ñ) Da planificación, coordinación e dirección de dispositivos específicos de prevención e loita contra a dopaxe con ocasión da celebración de eventos deportivos nacionais e internacionais considerados de interese que se desenvolvan en España.

o) Do desenvolvemento das accións formativas que se consideren oportunas en materia de intelixencia e investigacións no ámbito da prevención e loita contra a dopaxe no deporte.

p) Calquera outra que lle encomende o director da Axencia.

Artigo 15. *O Laboratorio de Control da Dopaxe.*

1. O Laboratorio de Control da Dopaxe está adscrito organicamente á Dirección da Axencia e actúa con independencia funcional co obxecto de garantir a plena confianza na súa competencia, imparcialidade, xuízo ou integridade operativa, de conformidade co previsto na sección 4.1.5.d da Norma ISO/IEC 17025, que establece os requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración.

2. O Laboratorio de Control da Dopaxe será o responsable das seguintes actuacións:

a) A realización dos procedementos analíticos e complementarios de control da dopaxe, cuxa finalidade é comprobar a presenza dalgunha substancia prohibida, ou dalgún dos seus metabolitos ou dalgún dos seus marcadores, ou da utilización dun método non regulamentario, de ser o caso, detectados nunha mostra extraída para tal efecto, segundo se establece na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, e nas súas disposicións de desenvolvemento. Rexerá todas as súas actuacións pola normativa establecida nos estándares internacionais de laboratorios aprobados pola Axencia Mundial Antidopaxe e as normas de procedemento que para o efecto se aproben en desenvolvemento da Lei 3/2013, do 20 de xuño.

b) A elaboración das estatísticas de control da dopaxe, tanto de mostras nacionais como internacionais, ou doutras entidades de ámbito privado que puideren encomendarlle procedementos analíticos de control da dopaxe, con pleno respecto á normativa sobre protección de datos.

c) Calquera outra que se determine para os laboratorios de control da dopaxe homologados pola Axencia Mundial Antidopaxe.

Sección 4.^a Comisión de Control

Artigo 16. *Composición e réxime de funcionamento da Comisión de Control.*

1. A Comisión de Control estará integrada por un mínimo de tres e un máximo de cinco membros do Consello Reitor designados polo dito órgano entre aqueles con formación e coñecemento en materias de xestión, orzamentos e tarefas de control no sector público estatal, que elixirán entre eles un presidente. Os titulares de órganos unipersoais da Axencia no poderán formar parte da Comisión de Control. O interventor delegado na Axencia poderá asistir ás reunións, con voz pero sen voto.

2. A Comisión de Control reunirse polo menos unha vez cada seis meses e resultaralle de aplicación o disposto respecto dos órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 17. Funcións da Comisión de Control.

Son funcións da Comisión de Control:

- a) Informar o Consello Reitor sobre a execución do contrato de xestión.
- b) Informar o Consello Reitor sobre a execución do orzamento da Axencia. Para tal efecto, deberá recibir da Dirección da Axencia informes mensuais sobre o estado de execución orzamentaria.
- c) Solicitar información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento de disposicións legais e demais normas aplicables; coñecer e informar o Consello Reitor sobre todos os informes de control da xestión económico-financeira emitidos polos órganos a que se refire o artigo 29 do presente estatuto e propor as estratexias encamiñadas a corrixir as debilidades postas de manifesto neles.
- d) Determinar, por instancia do Consello Reitor e coa periodicidade que este estableza, a información económico-financeira que se lle deba remitir a este, sen prexuízo daqueloutra que se deba someter á súa consideración ou aprobación de acordo co establecido na normativa vixente.
- e) Coñecer a información económico-orzamentaria que a Axencia Estatal, pola súa pertenza ao sector público estatal, debe elaborar e remitirles aos órganos competentes para cumprir as obrigas recollidas na normativa vixente, velando polo cumprimento destas obrigas.

*Sección 5.^a Outros órganos**Artigo 18. A Comisión Interterritorial de Protección da Saúde no Deporte.*

1. Consonte o disposto no número 4 do artigo 7 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, a Comisión Interterritorial de Protección da Saúde no Deporte será o órgano de participación, coordinación e seguimento da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte en que estarán representados os órganos e organismos competentes en materia de deporte e saúde das comunidades autónomas.

2. A Comisión Interterritorial de Protección da Saúde no Deporte estará presidida polo director da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e integrada por:

- a) Dezasete vogais nomeados polo presidente, por proposta dos conselleiros competentes en materia de deporte e saúde de cada unha das comunidades autónomas.
- b) Ata un máximo de catro vogais nomeados polo presidente, un dos cales actuará como secretario. Estes vogais serán nomeados entre persoas con experiencia nos campos da medicina aplicada á práctica deportiva, a xestión da actividade deportiva, a formación escolar en materia deportiva e/ou a investigación e educación en xeral no ámbito da saúde deportiva.

3. As asistencias ás reunións da comisión por parte dos membros que a integran non serán retribuídas.

4. A Comisión reunirse cunha periodicidade mínima anual.

CAPÍTULO IV

Xestión transparente por obxectivos*Artigo 19. Principios de xestión da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.*

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte axustará as súas actuacións aos principios de transparencia na xestión, consecución de obxectivos e responsabilidade por resultados, tendo como obxectivo permanente a mellora na calidade da actividade

realizada e o servizo público prestado na tarefa de protección da saúde e consecución dun deporte limpo a través da loita contra a dopaxe.

Artigo 20. *Contrato de xestión.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte elaborará o seu contrato de xestión co contido e dentro dos prazos previstos nos artigos 13 e 14 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, para a súa aprobación por orde conxunta dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Facenda e Administracións Públicas. A súa aprobación terá lugar nun prazo máximo de tres meses contados desde a súa presentación. No caso de non ser aprobado neste prazo, manterá a súa vixencia o contrato de xestión anterior.

A proposta do contrato de xestión terá en conta os resultados obtidos nos plans anuais e o plan de actuación plurianual anterior. Antes do trinta de xuño do último ano de vixencia do contrato de xestión, o Consello Reitor aprobará a proposta inicial do novo contrato. Os orzamentos xerais do Estado poderán prever unha dotación condicionada á formalización efectiva dese contrato.

2. O contrato de xestión da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte terá unha vixencia de catro anos.

3. O Consello Reitor da Axencia, a través do seu presidente, informará os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Facenda e Administracións Públicas sobre a execución e os cumprimentos dos obxectivos previstos no contrato de xestión, coa periodicidade que se determine na orde ministerial aprobatoria deste.

Artigo 21. *Plan anual de acción, informe de actividade e contas anuais.*

1. O director da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte deberá elaborar e propor á aprobación do Consello Reitor o plan anual de acción, o informe xeral de actividade e as contas anuais, dentro dos prazos establecidos no artigo 15 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.

2. A documentación a que se refire o número anterior estará dispoñible na páxina web e na propia sede da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

CAPÍTULO V

Réxime de contratación e patrimonio

Artigo 22. *Contratación.*

O réxime de contratación da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte será o previsto para as administracións públicas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Artigo 23. *Medio propio instrumental e servizo técnico.*

1. Para os efectos do establecido no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos organismos e entidades públicas vinculados a ou dependentes dela e que teñan a consideración de poder adjudicador, para as materias que constitúen os seus fins, e poderá asumir encomendas de xestión para a súa realización. Para os efectos do sinalado no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, as entidades respecto das cales ten esta condición concréntanse na Administración xeral do Estado, nos seus organismos públicos e nos poderes adjudicadores dependentes deles, e a Axencia non poderá participar en licitacións públicas convocadas por estes poderes adjudicadores, sen prexuízo de que, cando non concorran ningún licitador, se lle poida encargar a execución da prestación obxecto delas.

2. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte está obrigada a realizar os traballos que lle sexan encomendados pola Administración xeral do Estado e polos organismos e entidades públicas vinculados a ou dependentes dela e que teñan a consideración de poder adxudicador. Esta obriga refírese ás encargas que se lle formulen como medio propio instrumental e servizo técnico nas materias que constitúen as súas funcións estatutarias. As relacións da Axencia na súa condición de medio propio e servizo técnico teñen natureza instrumental e non contractual, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

As actuacións obrigatorias que lle sexan encargadas á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, de acordo coas tarifas ou retribucións fixadas polo titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Antes de formular a encarga, os órganos competentes aprobarán eses documentos e realizarán os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto. A encarga de cada actuación obrigatoria comunicaraa formalmente a Administración xeral do Estado ou os organismos e entidades públicas vinculados a ou dependentes dela e que teñan a consideración de poder adxudicador. Nela farán constar, ademais dos antecedentes que procedan, a súa denominación, o prazo de realización, o seu importe, a partida orzamentaria correspondente e, de ser o caso, as anualidades en que se financie coas súas respectivas contías, así como o director designado para a actuación que se vai realizar. Tamén lle será facilitado o documento en que se defina a dita actuación, co seu orzamento detallado.

A comunicación en que se encargue unha actuación á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte suporá a orde para iniciala. A Axencia realizará as súas actuacións conforme o documento de definición que o órgano ordenante lle facilite e seguindo as indicacións do director designado para cada actuación.

Unha vez finalizada a actuación, realizarase o seu recoñecemento e comprobación nos termos legalmente establecidos, expedirase o documento correspondente e procederase á súa liquidación no prazo dos seis meses seguintes.

O importe que se pagará polos traballos, servizos, estudos, proxectos e demais actuacións realizados pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas que fosen fixadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

As tarifas deberán cubrir o valor das prestacións encargadas, tendo en conta para o seu cálculo os custos reais de realización.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá requirir nas súas actuacións obrigatorias a colaboración de empresarios particulares nos termos previstos na normativa de contratación do sector público sen que o importe desa colaboración poida ser igual ou superior ao 50 por cento do importe total do proxecto, subministración ou servizo encomendado.

Artigo 24. *Réxime patrimonial.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte conta, para o cumprimento dos seus fins, cun patrimonio propio, distinto do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos cales é titular.

2. A xestión e administración dos seus bens e dereitos, así como daqueles do patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercida con suxeición ao establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. A Axencia formará e manterá actualizado un inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible, na forma establecida na Lei 33/2003, do 3 de novembro. Dese inventario daráselle conta anualmente con referencia ao 31 de decembro ao Consello Reitor.

CAPÍTULO VI

Réxime de persoal

Artigo 25. *Persoal da Axencia.*

1. O persoal pertencente á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte será funcionario ou laboral.

2. O persoal funcionario réxese pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e pola restante normativa reguladora dos funcionarios públicos ao servizo da Administración xeral do Estado.

3. O persoal laboral réxese, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que expresamente así o dispoñan.

4. Os postos da Axencia serán provistos polo persoal funcionario da Administración xeral do Estado, conforme a súa normativa de función pública. Excepcionalmente, poderán proveerse postos por persoal funcionario de carreira doutras administracións públicas, que deberá determinarse na relación de postos de traballo e sempre de acordo co establecido no contrato de xestión.

5. A selección do persoal laboral temporal que realice labores no ámbito das competencias de investigación científica e tecnolóxica atribuídas á Axencia realizarase conforme o establecido no ordinal terceiro deste artigo e conforme as previsións contidas na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, en virtude da condición que posúe a Axencia de axente de financiamento e de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Artigo 26. *Ordenación de postos de traballo.*

1. A relación de postos de traballo da Axencia determinará a natureza, o contido e as características de desempeño e retribución de cada un dos postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

Con carácter xeral, os postos serán ocupados por persoal funcionario. En todo caso, deberán ser ocupados polo dito persoal os postos de traballo que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais que corresponden exclusivamente aos funcionarios públicos.

Non obstante, aqueles postos que poidan ser desempeñados por persoal laboral, conforme o establecido no artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, deberán constar expresamente na relación de postos de traballo da Axencia.

2. A relación de postos de traballo será elaborada polo director da Axencia e aprobada polo Consello Reitor, dentro do marco de actuación que en materia de recursos humanos se estableza no contrato de xestión, e o seu contido axustarase aos principios establecidos na normativa citada no punto anterior.

Artigo 27. *Persoal directivo.*

1. En atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas asignadas, terán a consideración de persoal directivo: o secretario xeral, os titulares dos departamentos e o director do Laboratorio de Control da Dopaxe. Os postos de secretario xeral e o de xefe do Departamento de Deporte e Saúde serán ocupados por funcionarios de carreira do subgrupo A1. Os postos de xefe do Departamento de Control da Dopaxe, xefe do Departamento de Educación e Investigación Científica e o posto de director do Laboratorio de Control da Dopaxe serán ocupados en réxime laboral mediante contratos de alta dirección, conforme o disposto no artigo 23 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.

2. O persoal directivo é nomeado e destituído polo Consello Reitor por proposta do director no marco establecido no contrato de xestión. A súa designación atenderá a

principios de mérito e capacidade, competencia profesional e experiencia mediante un procedemento que garanta a publicidade e a concorrencia entre titulados universitarios superiores.

3. O persoal directivo da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte desempeñará o seu cargo con dedicación absoluta, plena independencia e total obxectividade, e someterase, no desenvolvemento das súas funcións, á avaliación consonte os criterios de eficacia, eficiencia, cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que se fixen no contrato de xestión.

Artigo 28. *Réxime retributivo.*

1. Os conceptos retributivos do persoal funcionario da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte son os establecidos na normativa de función pública da Administración xeral do Estado e as súas contías determinaranse na Lei de orzamentos xerais do Estado e na relación de postos de traballo.

2. Así mesmo, as condicións retributivas do persoal laboral son as determinadas no convenio colectivo de aplicación e no respectivo contrato de traballo e as súas contías fixaranse de acordo co establecido no número anterior e no marco establecido no contrato de xestión.

3. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade, ou concepto equivalente do persoal laboral, estará vinculada ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión, mediante o procedemento que se determine, sen que en ningún caso se poida superar a contía da masa determinada segundo o que dispoña o contrato de xestión. Correspóndelle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a autorización anual dos importes de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral, calculados sobre a base do procedemento previsto no mencionado contrato de xestión.

4. No marco da política de recursos humanos e de acordo cos sistemas de representación e participación do persoal da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, establecerase un sistema de avaliación do desempeño que sirva de instrumento obxectivo para a valoración do desempeño do posto de traballo e a asignación do complemento de produtividade a que se refire o número anterior sen que en ningún caso se poida superar a contía da masa autorizada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no marco do procedemento de cálculo fixado no contrato de xestión. O sistema de avaliación deberá permitir valorar os rendementos colectivos das unidades, así como unha valoración individual de cada posto de traballo.

5. A produtividade que vai percibir o persoal directivo da Axencia dependerá dos resultados acadados e serán calculados segundo o procedemento que previamente estableza o contrato de xestión, o cal deberá prever os correspondentes indicadores para o efecto. Por proposta do director, o Consello Reitor da Axencia poderá establecer os criterios de repartición desta produtividade entre o persoal directivo. Todo iso dentro do marco do contrato de xestión e coas limitacións que se sinalan no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e doutras entidades, e na Orde do 26 de abril de 2012, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se aproba a clasificación das axencias estatais de conformidade co Real decreto 451/2012, do 5 de marzo. En todo caso, a percepción dos importes correspondentes deberá ser previamente autorizada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

CAPÍTULO VII

Réxime económico, orzamentario, de contabilidade e de controlArtigo 29. *Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte estarán integrados:

- a) Polas transferencias consignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- b) Polos ingresos propios que perciba como contraprestación pola realización de controis, tanto no que se refire á recollida e transporte das mostras como á súa análise ou outras actividades, en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais, para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas.
- c) Polo alleamento de bens mobles e valores que constitúan o seu patrimonio.
- d) Polo rendemento procedente dos seus bens e valores.
- e) Polas achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e outras achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.
- f) Polos ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.
- g) Polo produto das multas previsto no artigo 29.3 da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.
- h) Polos demais ingresos de dereito público ou privado que se lle autoricen percibir.
- i) Calquera outro recurso que poida serlle atribuído.

2. Os recursos previstos nas alíneas b), e) e f) do número anterior e que non se recollan inicialmente no orzamento da Axencia poderanse destinar a financiar maiores gastos por acordo do seu director.

3. Os recursos previstos na letra g) do número anterior constitúen un ingreso de dereito público que se afecta ao cumprimento dos fins de investigación e permitirán xerar no orzamento da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte os créditos necesarios para o desenvolvemento desa actividade, cuxa realización material se levará a cabo de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño.

4. Na medida en que teña capacidade para xerar recursos propios suficientes, a Axencia poderase financiar mediante a obtención de préstamos concedidos con cargo aos créditos previstos no capítulo VIII dos orzamentos xerais do Estado, adxudicados de acordo con procedementos de pública concorrência, destinados a proxectos de investigación en materia de protección da saúde e dopaxe. Este financiamento axustarase á limitación que estableza cada exercicio a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 30. *Orzamento.*

1. O Consello Reitor elaborará e aprobará anualmente o anteproxecto de orzamento da Axencia, conforme o disposto no contrato de xestión e coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e remitirallo ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para a súa incorporación ao anteproxecto de orzamentos xerais do Estado e a súa posterior aprobación polo Consello de Ministros e remisión ás Cortes Xerais, consolidándoo co das restantes entidades que integran o sector público estatal.

2. O réxime orzamentario da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte será o establecido no capítulo V da Lei 28/2006, do 18 de xullo. O orzamento da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte deberá estar equilibrado, terá carácter limitativo polo seu importe global e a súa especificación virá determinada pola agrupación orgánica, por programas e económica, ben que esta última será con carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías, dentro de cada programa, con excepción dos gastos de persoal, que en todo caso terán carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, e das subvencións nominativas e as atencións protocolarias e representativas, que terán carácter limitativo e vinculante calquera que sexa o nivel da clasificación

económica a que se establezan, sen prexuízo das desagregacións necesarias para efectos da contabilización adecuada da súa execución.

3. A execución do orzamento da Axencia correspóndelle ao seu director, quen remitirá mensualmente á Comisión de Control un estado de execución orzamentaria.

4. Darase conta á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas das variacións orzamentarias que adopte o director da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte en función das competencias que o artigo 11 do presente estatuto lle atribúe.

Artigo 31. *Contabilidade.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte deberá aplicar os principios contables públicos previstos no artigo 122 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como o desenvolvemento dos principios e das normas establecidas no Plan xeral de contabilidade pública, para o cal contará cun sistema de información económico-financiero e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento, e proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

Así mesmo, a Axencia contará cun sistema de contabilidade de xestión que permita seguir o cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado establecerá os requirimentos funcionais e, se é o caso, os procedementos informáticos que debe observar a Axencia para cumprir o disposto no número anterior.

3. As contas anuais da Axencia fórmúlaas o director no prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, sométense ao Consello Reitor, para a súa aprobación dentro do primeiro semestre do ano seguinte a que se refiran. Así mesmo, unha vez aprobadas polo Consello Reitor, o director renderá contas anuais ao Tribunal de Contas, a través da Intervención Xeral da Administración do Estado, no prazo previsto no artigo 139 da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Artigo 32. *Control da xestión económico-financiera.*

1. O control externo da xestión económico-financiera da Axencia correspóndelle ao Tribunal de Contas, de acordo coa súa normativa específica.

2. O control interno da xestión económico-financiera da Axencia correspóndelle á Intervención Xeral da Administración do Estado e realizarase baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, nas condicións e nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro. O control financeiro permanente realizarao a Intervención Delegada na Axencia baixo a dependencia da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. Sen prexuízo do control establecido nos números anteriores, a Axencia estará sometida a un control de eficacia, que exercerá fundamentalmente, a través do seguimento do contrato de xestión, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ese control ten por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a utilización adecuada dos recursos asignados.